



Rebordáns, 20 de xuño de 2017

Estimada familia:

En relación á folga do transporte escolar, queremos informarles que, postos en contacto o día 19 coa empresa Lázara, se nos comunica que manterán o servizo de transporte con normalidade porque non secundarán a folga.

Tamén este mesmo día, recibimos unha circular da Consellería de Educación coa seguinte información:

“ Nos servizos regulares de uso especial para transporte de escolares, manteranse como esenciais os servizos de entrada aos centros desde ás 7.30 ata as 10.30 horas e os de saída desde das 13.30 ás 19.00 horas nos itinerarios de transporte escolar de estudantes de niveis de ensino obrigatorio, cuxa lonxitude total sexa superior a 4 km. “, razóns dabondo para crer que se faría o servizo con total normalidade.

Esta mañá, a empresa informa que por motivos alleos, foille imposible realizar o servizo de transporte e que posiblemente mañá tampouco poidan; polo que aconsellamos que as familias se encarguen de trasladar e recoller aos seus fillos/as no centro.

Lamentamos os trastornos que a convocatoria desta folga poida ocasionar.

Atentamente,
O Director